

Se observamos a historia da literatura galega en perspectiva, como se estivéssemos nun miradoiro, poderíamos ser, certamente, vítimas dun desenfoque secuencial. Cando apareceu o Rexurdimento, ou os seus inmediatos predecesores, pouco era o que daquela se coñecía dunha hipotética tradición literaria creada en lingua galega durante os séculos anteriores. As *Cantigas de Santa María*, as poesías contidas no *Cancionero de Baena*, algunha outra referencia, como a coñecida do Marqués de Santillana no seu Proemio ao Condestable de Portugal, ademais dalgunha produción do século XVIII: velaí todo o legado co que contaban.

A recepción en Galicia do eco dos cancioneros medievais tivo lugar cando o Rexurdimento xa estaba en marcha. Non había, pois, unha actitude de herdanza por parte dos devanceiros. Encetar unha andaina na lingua do país, daquela, tiña que responder por forza a un enorme e dobre convencemento: vencer a inercia da oficialidade do castelán e gañar a dignidade da fala popular. Coa ilustración chegara a primeira reflexión: a de Frei Martín Sarmiento, e a ela non foi alleo Xoán Manuel Pintos, de quen agora conmemoramos os douscentos anos do seu nacemento en Pontevedra, en 1811. Pintos, avogado en exercicio e liberal de pensamento –todo o liberal que se podía ser naquela Galicia con Isabel II rexendo os destinos das Españas–, estaba convencido da necesidade de procurar dignificar a lingua propia do país.

Pero só con vontade non podía haber empresa triunfante. Compría tamén da calidade, polo menos a necesaria para gañar a resposta dos posibles lectores, que de antemán non se presumían moitos. Falto de referentes escritos –dun modelo ortosintáctico–, escribir en galego a mediados do século XIX era como botarse a unha piscina sen saber se habería nela auga.

Con todo, Pintos tiña conciencia de non partir de cero. Non esqueceu, a maneira de presentación de *A gaita gallega* (1853), a referencia de Íñigo López de Mendoza cando escribía daqueles textos en galego que coñecera nun cancionero da súa avoa, Dona Mencía, algúns de cuxos autores citaba tamén. Como tampouco esquecera o labor de Frei Martín Sarmiento, de quen publicou o *Coloquio en 1200 coplas galegas* en 1859. Mais Pintos tamén foi un interesado polo idioma, ata o punto de confeccionar un dicionario con seis mil voces (aínda inédito).

Cabería non esixirlle todo a un pioneiro, a un auténtico explorador daquela paisaxe ignota que, na primeira metade do século XIX era a lingua galega, un idioma practicamente ágrafo. Porén, e malia as lóxicas dúbidas ortográficas, Pintos resolveu con moita coherencia a dificultade de establecer un modelo, do cal é boa prova *A gaita gallega*. Mais tamén atopamos na súa obras marcas de modernidade. Ou, polo menos, de certa distinción.

Dáse nos contidos, como cando emprega unha onomatopeia que marca o ritmo dos versos que a seguen: “tou porroutou porroutou porroutiña, tou porroutou porroutó, vou a tocar coa miña gaitiña, vou a tocar un fan-

dango muy bo, vou a tocar a muiñeira das festas, vou a facer a foliada de Dios”. Pero tamén no continente, na forma, cando recupera o acróstico –empregado na poesía do Barroco– para formar o caligrama (para ser lido en noventa graos) QUEVIVA GALICIA. Un recurso, aparentemente serodio, que non obstante foi fundamental nas vangardas europeas sesenta anos despois. Ou un detalle, que podería parecer anecdótico, pero que nos dá algunha pista de certa pre-

senza gastronómica xa daquela: o alcume de “macarróneo” para referirse a (Niccolò) Paganini ou ao seu mestre de violín Xoán de Curtí.

A non adscripción estética de Pintos ao Romanticismo permitiulle obviar a expresión individual a prol da dimensión colectiva das ideas e sentimentos que expresaba. Pero, coherente co seu liberalismo, evitou a simple recreación mimética do popularismo ou da doutrina (de inspiración cristiá).

A reivindicación da gaita –en tanto que instrumento totémico de Galicia, malia que non chegou ata o século XII– é posta en boca do tamborileiro Pedro de Lucés. E en paralelo, o gaitero aconséllalle que non por aprender a lingua galega esqueza a que ten de seu, “que sempre será mellor para ti, según creo que a miña é para min mellor que cantas coñezo”.

## Literatura para un país

200 anos de Xoán Manuel Pintos

JOAQUIM VENTURA

